

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 8 DE ABRIL DE 2026

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día oito de abril de 2026, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D. JORGE BUSTOS ATANASIO. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación do prego técnico e do prego de cláusulas administrativas, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado na contratación da realización das actividades: ciclo de adicións sen substancia e xornadas alcol, drogas e condución; dentro do programa +XTI 2025-2026 subvencionado polo plan nacional sobre drogas, establecido na resolución da secretaría de estado de sanidade de 11 de marzo de 2025 e a apertura do procedemento de adxudicación. exp. ref: 2026-C003-000007.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, o gasto e adxudicación polo procedemento aberto simplificado na contratación da subministración de material de imprenta e a apertura do procedemento de adxudicación. contrato reservado a centros especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción. Exp. ref. 2026/C004/000002.

Tamén se acorda a primeira prorroga dende o 06/05/2026 ata o 05/05/2027 na contratación da subministración de produtos químicos do mantemento da auga das piscinas municipais do Concello de Lugo. Exp. ref. 2025/C004/000011.

ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

2. CULTURA.- Acórdase aprobar o informe proposta de toma de coñecemento da omisión da función interventora, relativo á factura presentada pola actuación do grupo loita armada o 07.06.2025 no Pazo de Feiras e Congressos de Lugo, con motivo do festival de adegas 50 anos cuidando a terra.

Tamén se acorda aprobar o informe proposta de toma de coñecemento da omisión da función interventora, relativo á factura presentada polo concerto de uxía lambona e a banda molona o 07.06.2025 no Pazo de Feiras e Congressos de Lugo, con motivo do festival de adegas 50 anos cuidando a terra.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.